

Veciño de Gondomar detido "in fraganti" cando intentaba saquear a cafetería dun centro social.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 17 Setembro 2015 19:21



Axentes do Corpo Nacional de Policía detiveron a un mozo residente en Gondomar , de 22 anos de idade, por un delito de Roubo con Forza. A persoa detida conta con 20 antecedentes policiais por delitos similares segundo da conta un comunicado do corpo de seguridade.

Operativo

Os feitos tiveron lugar a pasada madrugada, cando se recibe chamada na Sala Operativa do 091, na cal un cidadán informa que viu a un individuo en actitude sospeitosa entre os coches estacionados na rúa Lourido, polo que se comisionou a dúas dotacións policiais camufladas para que acudisen a comprobar que sucedía.

Unha vez no lugar os axentes non observaron a ninguén na rúa, aínda que chamou a súa atención a persiana exterior dun centro social que se atopaba entreaberta.

Tras deter o vehículo uno dos policías achegouse ao local e descubriu que a porta de acceso estaba forzada e que se escoitaba ruído no interior.

Dous axentes franquearon a porta á vez que un terceiro dirixíase á parte traseira para cortar a

Veciño de Gondomar detido "in fraganti" cando intentaba saquear a cafetería dun centro social.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 17 Setembro 2015 19:21

posible ruta de fuxida de quen se atopasen no interior.

Unha vez dentro percorreron as dependencias da planta baixa e comprobaron que había varias portas forzadas, que a cociña atopábase totalmente revolta e que na zona de cafetería a máquina rexistradora e a máquina expendedora de tabaco estaban danadas.

Pescuda

Tras informar ao resto dos axentes ambas dotacións iniciaron unha rápida procura do responsable destes feitos, localizando a un mozo que intentaba ocultarse tras un tabique, e que ao verse descuberto intentou fuxir, aínda que foi rapidamente interceptado polos axentes.

Antecedentes

Logo de identificalo e interrogalo, un dos policía procedeu á súa detención e inmediato traslado a dependencias policiais, á vez que outra dotación realizaba as comprobacións necesarias a través da Sala do 091 para localizar ao responsable da instalación e informarlle dos feitos.

Unha vez en Comisaría realizouse unha consulta das bases de datos policiais e comprobouse que o detido tiña vinte antecedentes policiais , sendo moitos deles polos mesmos feitos que o descrito.

Todo o actuado pasou a disposición do Xulgado de Instrución de Vigo en funcións de Garda.